



{ INVITADO ESPECIAL }

Cibrán Canedo

Mejor accesibilidad en Carballo

EL CONCELLO DE CARBALLO quiere ser un exemplo de buenas prácticas en materia de accesibilidade. Es por ello que contará con el asesoramiento del equipo técnico de la ONCE tanto para las actuacións que se lleven a cabo a partir de agora en el espacio público urbano como para mejorar la situación actual. El alcalde, Evencio Ferrero, acaba de reunirse con Carlos Fernández Lamigueiro,



Evencio Ferrero.

Dolores Venancio y José Buño, en representación de la ONCE, para reforzar la colaboración entre ambos y conseguir el objetivo de mejorar la movilidad de las personas con discapacidad. Entre otras cosas, la ONCE planteó la necesidade de regular la altura de las señales de tráfico, instalar señales acústicas en los semáforos o eliminar los pivotes laterales de las calles semipeatonales.



{ NON HAI DÍA
SEN RUMOR }

AS VÍAS DE COMUNICACIÓN INTERNAS do Concello de Boqueixón estanse a descooidar. Así o critica Compromiso por Galicia, formación que asegura que "hai un fallo de xestión de prioridades na política local" e que se traduce

no abandono de moitas estradas, pontes e outros útiles "como algunhas xardineiras dispostas de forma aleatoria en pistas municipais no canto de beirarrúas ou lugares con boa disposición". É por iso que presentan unha moción para proceder a arranxar ou pavimentar varias estradas, recolorar as xardineiras de forma que non obstrúan o paso á maquinaria agrícola, dotar de pasamáns ás pontes e reforzar os muretes de pedra.

Participaron trinta cativos de entre 5 e 12 anos // A idea era que coñecesen a súa cidade e se identificasen con ela // Durante toda a semana fixeron xogos en distintos puntos do municipio e incluso un proxecto arquitectónico **TEXTO Alba Prada**

Exploran Carballo a través dun obradoiro de urbanismo

A concellaría de Planificación e Mobilidade Urbana de Carballo, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Escola Técnica Superior de Arquitectura, a Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego e Post Arquitectos, puxo en marcha durante toda esta semana unha novidade iniciativa titulada *A cidade do mañá*, que tivo por obxectivo estimular unha actitude crítica para que os nenos e nenas comecen o seu desenvolvemento coma cidadanía activa.

Un total de 30 nenos de entre 5 e 12 anos reuníanse o pasado luns para comezar as actividades. Ese día, segundo explicou a organizadora, Sandra González, foi "unha primeira toma de contacto coa visión que teñen os nenos do espazo no que habitan". Para elo pedíronlles que debuxasen o que máis aprecian de Carballo e ademais saíron á rúa para ir enmarcando cun gran marco dourado todo aquilo que lles resultaba interesante.

O segundo día, os cativos probaron diferentes texturas no chan e empregárono como soporte para os seus proxectos. "Traballouse co elemento plano, co elemento línea e con elementos tridimensionais. Son eles os que crean o seu espazo de xogo con ditos elementos", explicou Sandra. Durante o mércores e o xoves os



Os cativos enmarcaron distintos puntos de Carballo. Foto: C. C.



Uns nenos probando distintas texturas no chan. Foto: C.C.



O cativos traballaron co elemento plano, co elemento línea e cos elementos tridimensionais. Foto: C. de C.

participantes xogaron con espeellos para buscar distintos reflexos na vila, apropiáronse de espazos urbanos para o xogo e o último día construíron novos elementos arquitectónicos con caixas de cartón. "O venres, na última sesión, pedíuselles un pequeno proxecto arquitectónico para un espazo determinado de Carballo", explica Sandra González.

A cidade do mañá é un proxecto que lles permite aos cativos coñecer e apreciar mellor o lugar no que habitan. Non só se leva a cabo en Carballo, senón que os vindeiros meses tamén terá cabida en Rianxo, Bueu,

Vilagarcía e Ferrol. Ademais, o ano pasado xa se puxo en marcha en Rianxo, Ames, A Pobra, Mondoñedo, Ribeira e Verín. A organizadora, Sandra González, explicou que con este proxecto entenden a cidade como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para os nenos "que a través de ferramentas propias da infancia, como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel".

En definitiva, segundo apuntan os organizadores do proxecto, a idea é que os pequenos se identifiquen coa súa cidade e ademais aprendan a apreciar a arte e a arquitectura. A iniciativa foi todo un éxito en Carballo e, segundo apuntou Sandra, *A cidade do mañá* conta cun gran recoñecemento tanto a nivel nacional coma internacional. De feito, recibiu varios recoñecementos: ponencia e mención nas II Xornadas de Innovación Docente; ponencia e mención no congreso organizado polo Sindicato dos Arquitectos no Estado de São Paulo; ponencia e mención na Biennale di Venezia 2018; e ponencia e mención en inQUEDU. *A cidade do mañá* viaxará en setembro a Viena para estar na novena edición de Child In The City World Conference.